

Satanás, fóra! – Realidade e ficción no *Códice* *Casabraván*

Benvidos a Casabrava – unha introdución

Para min é todo un pracer presenta-lo primeiro capítulo dunha antoloxía que celebra mil anos de historia e cultura casabravás. Malia que os meus apelidos son tan ingleses como o propio John Bull, conmemoramos o milenio dun pobo que xa considero como meu. E, por que non? Dende hai anos exerzo a miña profesión de investigador aquí en Casabrava, e tal é a beleza desta vila lucense que durante anos apareceu pintada nos envases de leite de marca branca do supermercado 'Gadis'.

O presente libro concíbese como un percorrido ao longo do tempo, polo cal comeza coa propia fundación de Casabrava no ano 1016, obra de Roxelio Durán, segundo conta el mesmo no chamado *Códice Casabraván*. Para os veciños xa é ben coñecido o descubrimento deste tomo medieval en marzo de 2012, xunto cunhas revistas pornográficas na caixa dunha *Nintendo 64* que se atopaba no soto dunha casa da localidade¹. Tal vez o misterio histórico máis intrigante sexa como o libro chegou a estar nestas condicións.

Non obstante, o que nos concirne aquí son os contidos. O *Códice* recompilouse antes do ano 1050. As súas páxinas, escritas en latín, abranguen diversos temas –entre eles receitas, o adestramento de cans, como ferrar un cabalo, unha descrición xeográfica da zona de Lugo e Ourense etc.- e son obra de polo menos cinco autores. Como tal, trátase dun documento de gran valor histórico. A pesar disto, até agora o *Códice* só ten suscitado interese nos círculos especialistas, sen apenas entrar na conciencia pública. Xa se publicaron varios traballos académicos sobre algúns dos seus aspectos, e seguramente hai máis en camiño². Non obstante, este curto comentario versa soamente sobre o derradeiro apartado da

1 Véxase: 'Expertos examinan el tomo encontrado en Casabrava - ¿es auténtico?', *La Voz de Galicia*, A Coruña, 24 de marzo de 2012, p. 7

2 Para unha boa síntese do traballo historiográfico que xa se realizou, é recomendábel o artigo da miña colega Aroa Menéndez Uriburu: 'Los debates históricos alrededor del *Códice Casabravano*', *Revista de Historia Ibérica*, 64 (2015), pp. 112-137

colección, cuxa tradución reproducése ao final: a narración de Roxelio Durán sobre como e por que fundou a vila de Casabrava.

Esta narración foi ditada por Roxelio, ao parecer xa deitado no seu leito de morte, e traducida ao latín polo crego Afonso García Mendes. En moi breves palabras e sen demasiados *spoilers*: Roxelio conta que, como penitencia por ter vivido unha vida pecaminosa, está obrigado a ir en peregrinación dende a súa aldea de Xelmes a Santiago de Compostela. Nunca chega ao sartego do apóstolo porque cae vítima das artimañas dun pousadeiro malvado e das do mesmo Satanás. Nestas alturas, Santa María efectúa unha intervención para rescatalo e Roxelio arrepiéntese dos seus pecados. A Virxe mándao entón a un sitio chamado o <<Bosque Bravo>>, onde el finalmente constrúe a primeira casa da vila que posteriormente será Casabrava.

Para min, o valor deste texto xace no feito de que transmite a expresión oral de Roxelio, un galego do século XI, cunha lucidez rara vez vista en documentos desta época, máis aló de cartas persoais. Ao principio do documento, o amanuense de Roxelio, o crego García Mendes, explica que o escribiu para practicar e mellora-lo seu latín a instancias do bispo de Lugo. Neste caso, a relativamente baixa calidade do seu latín é unha vantaxe porque aparecen varios 'galeguismos' no manuscrito. Trátase nalgúns casos de palabras que el non sabía en latín, e noutros de estruturas coloquiais que se reproducen no romance galaico porque serían difíciles de traducir ou sinxelamente non existían na outra lingua. Isto permite que o texto nos proporcione unha clara idea de como era a oralidade de época.

Outro risco interesante que se pode apreciar no texto son os dous cambios de estilo que sofre. O fundador de Casabrava comeza o seu relato falando dun xeito bastante formal, como para convencernos da gravidade da súa temática. Porén, abandona este estilo axiña, ou porque se confunde ou porque se entusiasma demasiado, e muda a un estilo máis cotián, co resultado de que o documento incorpora as susoditas estruturas coloquiais. Na miña tradución, intento plasmar este cambio de estilo a través do emprego de 'vostedes' ao principio e posteriormente 'vós' (en realidade non reflicte a gramática latina, pero coido que funciona).

O segundo cambio de estilo ocorre cara o fin da historia, despois do rescate que leva a cabo a Virxe. Tal vez motivado polas

fortes emocións que provocan as súas lembranzas, ás veces Roxelio fala dun modo case ritualista ou bíblico. Isto implica a repetición de certas frases, sobre todo “chorei bágoas de ledicia”, e a exclusión de moitos detalles biográficos que nun relato máis ‘realista’ teríanse que incluír. Esta carencia de realismo na conclusión, lonxe de ser un defecto, contribúe á nosa comprensión da mentalidade deste home: el contou a súa vida deste xeito porque quería que se transmitise como unha historia de redención relixiosa.

Agora ben, cabe preguntarse até que punto a historia que conta Roxelio é verdadeira. Para unha persoa coma min que se criou nun ambiente máis ou menos secular, a idea de que a existencia de Casabrava poida deberse á intervención directa da Virxe non só é incríbel, senón totalmente ridícula. Ao mesmo tempo, aos lectores que si cren neste tipo de milagres, dubido que lles interese moito a miña opinión sobre o tema. Malia isto, os casabraváns de toda afiliación relixiosa podemos pórnos de acordo con respecto á utilidade do *Códice* para mellor entendermos o pasado.

Como xa se constatou, este texto establece unha conexión entre a Casabrava actual e un home que habitaba o mesmo espazo hai mil anos. Hai moitas cousas que Roxelio di que probabelmente sexan verdadeiras. Que naceu na aldea de Xelmes, por exemplo. Antes do descubrimento do *Códice Casabraván*, a vila de <<Jelmez>> aparecía soamente noutro documento: un dos escasísimos censos do século X. Sabíase que existira na costa atlántica unha aldea con este nome, pero non onde estivera. Roxelio localiza Xelmes ao pé do Monte Pindo, á beira de Carnota, e grazas a este dato estanse organizando investigacións arqueolóxicas na zona. As escavacións iniciais apuntan a que alí existen ruínas que posibelmente se remontan aos tempos romanos³. Non é un disparate supor que se trata das ruínas de Xelmes.

Tamén con respecto á veracidade da historia de Roxelio, non é de estrañar que o pousadeiro en cuxa casa se aloxa o viandante non o tratase coa mesma hospitalidade que se esperaría nun hotel actual. Os pousadeiros eran notorios pola súa avaricia e a violencia que perpetraban contra os peregrinos durante a Idade Media, e mentres seguramente a maioría non se comportaba así, había

3 O *Resume das escavacións no Concello de Carnota, marzo 2016*, publicado pola Universidade de Vigo, está dispoñíbel nas bibliotecas públicas e universitarias de Galicia.

suficientes malvados como para convertérense practicamente nun tópico da época. A guía dos peregrinos do *Liber Sancti Iacobi* (c.1150), cuxa autoría tradicionalmente se atribúe ao monxe francés Aymeric Picaud, con referencia aos aloxamentos que se atopan ao longo do Camiño de Santiago, avisa que “por unha miserábel moeda, un navarro ou un vasco liquida, como poida, a un francés”.

A figura do pousadeiro malfeitor está presente tamén nas *Cantigas de Santa María* de Alfonso X. Na Cantiga 175, por exemplo, un mozo alemán é aforcado como ladrón por culpa dos enganos do anfitrión dun albergue. Non obstante, a Cantiga 428, a derradeira de todas, é a máis interesante neste senso. A diferenza da meirande parte das composicións, que abordan un dos milagres de Santa María, a Cantiga 428 recompila os milagres que ela obrou nas vidas de catro peregrinos distintos: un leproso que ía pedir a Santiago que o curase; un que ía en penitencia por varios crimes; outro que ía por pura piedade; e finalmente un nobre que buscaba aventura. As dúas estrofas que tratan o milagre do segundo peregrino –o penitente– contan unha historia familiar:

*Con joyzo a Madre de Deus protege o mundo,
Pr’os omêes non caiam no lago d’inferno.*

Ora oíssedes de um moço que grande peccador era,
Qu’engaãva, furtava e outros peccados fezera;
Desto que o sennor dessas terras tal sentença lera:
Que por peccador foss’em penitênça,
Descalçado, ao altar de San Jame de Compostela.

Con joyzo a Madre de Deus...

O moço ya a Compostela e húa pousada fillou
U’o mau pousadeir’o seu dinneiro furtou;
Defendê-se bem mas o óme tan fera o mutilou
E pensava qu’ya morrer lá no camyõ
Atá que o salvass’a Santa Maria, e fui arrendido.

Con joyzo a Madre de Deus...

Outra versión deste milagre que tanta semellanza ten coa historia de Roxelio aparece nos *Milagres de Nuestra Señora* de Gonzalo de Berceo (1260). Posto que tanto Alfonso X como Gonzalo de Berceo

reproducen esta lenda dous séculos despois de finado Roxelio Durán podería pensarse que a historia deste home se estendera pola Península Ibérica como parte integral da cultura popular. Alternativamente, é menester dicir que Roxelio podería terse inspirado doadamente noutros relatos de milagres que xa eran famosos no seu tempo, polo que é difícil determina-lo nivel de orixinalidade do texto.

Podería dicirse moito máis, pero como dixen que este comentario sería curto, non quero deter máis ao lector. Antes de procedermos á miña tradución, só digo de novo que a narración do fundador de Casabrava é unha fonte de gran utilidade que axuda a que comprendamos mellor a cultura, historia e literatura da Galicia medieval, e teño a esperanza de que o *Códice Casabraván* pronto reciba a atención que merece por parte do público.

Tradución do derradeiro apartado do *Códice Casabraván*

A historia que segue conta as aventuras de D. Roxelio da Cima de Casabrava, tal e como foron. Dito señor fundou aquela vila na serra do Courel hai varias décadas e ditou estas palabras antes de pasar a mellor vida. Foron transcritas e copiadas polo sacerdote D. Afonso García Mendes, quen neste labor tiña dous obxectivos: primeiro, preserva-la herdanza histórica do noso pobo casabraván; e segundo, exercita-lo seu latín en obediencia ás ordes de D. Pedro, o bo e sabio bispo de Lugo que, ao visitar esta parroquia o ano pasado, queixouse dos abundantes erros que cometía o cura na gramática e tamén na fala, e esixiu que mellorase antes da próxima visita episcopal.

Louvada sexa Santa María, nai de Deus.

Hoxe os meus amigos e parentes chámanme Roxelio da Cima de Casabrava, pero non sempre foi así. Antes de que Santa María me salvase a alma eu era Roxelio Durán, pero como aquel home xa non vive vostedes poden esquecelo sen medo, pois ningún mal farán. Non obstante, por se acaso lle interesa a alguén, permítome constatar que nacín en Xelmes. Na actualidade esa vila xa non xace como de outrora ao pé de Monte Pindo, non moi lonxe da urbe de Santiago de Compostela. Porén, alá xaceu, iso si, durante moito tempo até só uns anos atrás.

Pensándoo ben, igual é mellor que saiban uns detalles biográficos máis para mellor apreciaren a mudanza na miña vida que obrou a Santa Virxe. Si, é verdade. Rogo entón que presten atención. Xa veremos por que Xelmes agora non existe e por que don Durán pasou a ser don Roxelio da Cima de Casabrava.

Entón, eu nacín. Os meus pais preocupáronse porque durante o parto un corvo negro pousou no peitoril da xanela. Segundo a comadroa, aquilo agoiraba unha vida aciaga e funesta, e meteulle moito medo á miña nai dicíndolle que o neno traía a desgraza á familia, pero cando unha pomba branca entrou voando pola porta, a muller calou e deixounos en paz. Para ela todo era agoiro. Porén, tal vez os meus pais tiñan que facerlle caso á veciña comadroa. Se me tivesen botado ao mar -que Deus me perdoe- terían evitado moito sufrimento. O caso é que o neno era unha fonte de todo tipo de maldades. Se ben a miña primeira lembranza é a do sabor dunha mazá que comín na horta dos meus avós, dinme que aínda antes de solta-la lingua para falar, xa lles roubaba a comida aos outros bebés, e probabelmente lle arrebatase esa mesma mazá a algún pobre neno que andaba por alí.

A miña familia era grande. Tiña unha nai e un pai, catro avós, tres irmás que ían saíndo da barriga de miña nai de cando en vez ao longo da miña infancia, uns cantos tíos e unha chea de curmáns.

-Como eludimos o pecado do incesto -pregunteille á miña nai un día mentres ela recollía cogomelos no bosque -se tódolos nosos veciños son tamén os nosos curmáns?

Díxome ela que lle axudase en vez de dicir tolemias, ademais que os curmáns non contaban, pois como tería medrado a raza humana dende Adán e Eva na súa soidade ás catervas dos nosos tempos, se non se tivesen celebrado nalgún momento as vodas de polo menos unha parella de curmáns? Pura lóxica, fillo. Creo que <<lóxica>> era unha palabra que aprendeu do cura, Padre Pelaio: unha desas palabras raras que el lera no seminario en Santiago. Na miña opinión, empregábaas só para lembrarnos a todos que era máis erudito que nós. <<Erudito>>. Vedes? É outra delas.

En fin, a miña familia era boa xente, traballadora, relixiosa e xenerosa. Todos, digamos, agás eu. Eles traballaban e eu lacazaneaba, pero do seu labor vivía como un rei. Eles rezaban e eu mordía as unllas. Eles compartían o pouco pan que tíñamos e eu finxía non ter para que me desen máis. Nunca entenderei como me suportaron durante tantos anos.

Meus pais pegábanme. Quen non o faría? Pero lonxe de reprimirme ou obrigarme a sentir remordemento polos meus

malfeitos, diría máis ben que me ensinaron a soluciónalos problemas coa violencia. Deste xeito, ían reforzando a miña malicia até que, nunha certa ocasión, Padre Pelaio díxolle ao meu pai que coidaba que era mellor non pegarlles aos nenos, porque eran inocentes como os anos. Aseguroulle que San Xosé xamais lle tería pegado ao neno Xesús. Meu pai dubidaba. Non sabía se lle parecía ben comparar ao fillo de Deus, quen seguramente nunca fixo nada para merecer unha boa zurra, co seu propio fillo, mentres este seguise portándose coma un cachán escapado do inferno. Malia isto tíñalle lei ao Padre, así que prometeu que me disciplinaría dalgún outro xeito.

Eu escoitei esta conversación agardando silandeiro detrás da porta. A noción de que non me pegarían, fíxese o que fíxese e pecase como pecase, pareceume óptima. Dinlle as grazas ao neno Xesús pola existencia do Padre Pelaio e, momentaneamente ceibe da miña malicia habitual, ocorréuseme a idea de ser un bo cristián e facerlle un favor a alguén. Nun estalido de loucura sentín piedade polos porcos na finca do cura (faltaba pouco para a matanza), solteinos e deixei que escapulisen ao bosque. Unha vez que os veciños devolveron os fuxitivos ao curral, levei un sopapo do propio Padre Pelaio, polo cal o meu pai inferiu que a igrexa xa non prohibiría o castigo corporal. Esa noite case me matan a golpes.

Quizais algún de vós chegue a pensar que eu era unha vítima, pero non é a miña intención. A duras penas atoparías peor vilán en todo o mundo, incluso nas terras dos mouros, cuxas rapinas e devastacións vólvense insignificantes ante as miñas. O peor que fixen foi mexar na tumba da filla dun veciño no mesmo día que a enterraron. Non sei se os mouros algunha vez fixeron tal cousa.

Ai, Santa María, perdoa as miñas ofensas! (Levábame fatal coa rapaza, pero isto non é ningunha escusa).

Podería dar máis exemplos pero penso que xa comprendedes o meu carácter: mesquiño, mentireiro e ruín. Agora proseguirei a contarvos que fixo Santa María para rescatarme.

O terceiro domingo de xuño cada ano, tódolos veciños de Xelmes e Carnota ían en romaría á cima do Monte Pindo, levando unha cruz de madeira e unha estatua de San Xurxo para celebra-la misa no castelo⁴. Os rapaces das dúas vilas sempre se pelexaban a noite antes da procesión para determinar quen tería o privilexio de

4 O Castelo de San Xurxo a que se refire foi destruído en 1467 durante a Gran Guerra Irmandiña.

leva-la cruz. Dende logo eu participaba con gusto nestas liortas. No ano que nos interesa aquí, no cal eu cumprín os vinte, os xelmenses perdemos o combate e vímonos obrigados a coxear detrás da comitiva do santo.

Dado que as persoas tan malas coma min non adoitan ter moitos amigos, eu camiñaba só. Como non tardei en aburrirme, comecei a falar cun estranxeiro que subía a montaña connosco.

-De onde es? -pregunteille.

-De Piamonte.

-Lonxe?

-Máis ou menos.

-E por que viñeches aquí?

-Eu veño e vou a todas partes porque sempre hai máis santos, igrexas e milagres que coñecer. Deus fixo e fai moitas obras neste mundo e cantas máis coñezo, máis me achego a el⁵.

-Ah, vale.

Seguimos en silencio un pouco e pensei en tódolos sitios aos que o descoñecido tería ido e tódalas cousas que tería aprendido neles. Mais era un home raro. Levaba peles de animais en vez de roupa normal, ademais ía descalzo.

-Oe, esqueciches os zapatos?

El riuse da miña pregunta.

-Ir descalzo, cando sempre hai pedras e espiñas no camiño, lémbreme a agonía que padeceu o noso señor Xesús cando o crucificaron.

-Home, creo que pisar unhas pedriñas e espiñas non foderá tanto como que che atravesen os pulsos e os nocellos cuns cravos.

-Dixen que é unha lembranza da súa agonía, non unha reprodución exacta. Se tivese cravos atravesándome todo o corpo, como suxires ti, non podería camiñar nin vivir este estilo de vida.

-E non che dá ampolas?

-Non, porque o señor me fornece todo o que necesito.

Neste intre sacou un obxecto dunha alforxa que tiña atada ao cinto. O obxecto era un cachiño de óso. O viandante explicoume que era marfil que se cortara dun dos cornos do elefante de Santa Patricia de Damasco⁶. Cando se rozaba a pel con aquel artefacto, quitáballe toda

5 Hai numerosas fontes medievais que falan deste tipo de peregrino perpetuo/proto-turista. Dependendo do autor, poden recibilo nome de <<ereixeiro>>, <<romareiro>> ou <<descalzado>>.

6 Patricia de Damasco (c.688-743) supostamente viaxaba por Terra Santa montada a un elefante, dispensando milagres e desafiando ás autoridades. O Vaticano nunca ratificou a súa beatificación e segue negando a veracidade da lenda.

ampola, vexiga ou chaga que lle afflixise. Dixo tamén que llo outorgara o arcebispo de Braga como recompensa por algún servizo que lle rendera.

Eu tiña a intención de preguntarlle que era un elefante e onde se atopaba Damasco, pero cambiei de opinión porque lle parecería moi ignorante. En lugar disto, díxenlle que estivera nunha pelexa brutal a noite anterior, e que me faría un gran favor se me deixase rozarme as feridas co óso ese que levaba, pero el negou coa cabeza.

-Desculpa rapaz, pero non vai ser posíbel.

-Por que non?

-Por que cho digo eu.

-Pois sabes que che digo eu?

-Que?

-Que o teu corno de San Patricio nin sequera funciona. Que mintes!

Como era de esperar, o home ofendeuse bastante cando lle dixen isto. Comezamos a discutir. En fin, díxenlle que até dubidaba que matase o corzo en cuxa pel se vestía –fazaña de que se xactou varias veces durante a discusión- e el sucumbiu á xenreira. Esquivei o puño que me lanzou á cara, dinlle unha boa patada, boteino ao chan e, obedecendo a miña inclinación ao furto, collín o óso que el aínda tiña na man e fuxín coxeando costa abaixo.

Ai, Santa María, perdoa as miñas ofensas! (E tamén as deste home que me quería pegar).

Cheguei ao bosque onde adoitaba esconderme cando cometía algún dos meus crimes e sentei entre as raíces dunha árbore na zona máis afastada da aldea, na cal sabía que ninguén me atoparía. Non sabía que facer. Decateime de que me saíra unha ampola e con gran ilusión roceina co óso.

Non se curou. Rocei tamén unha lesión que me causaran na pelexa da noite anterior, co mesmo resultado.

-Vaia mentirán! -dixen en voz alta –Embusteiro! Fraude!

Decepcionado, deixei cae-lo óso ao chan e botei unha soneca. Despois volví a aldea, confiando en que, como a reliquia evidentemente non valía para nada, non se xulgaría con demasiada dureza o delito de roubala. Por iso levei unha sorpresa ao ver como, sentados á mesa na miña casa e tomando viño co meu pai, me esperaban o Padre Pelaio, o viaxeiro piemontés e Don Crespo, o señor que vivía na casa grande de San Cibrán e resolvía as disputas locais máis graves, quen segundo se dicía até era amigo do rei.

Escoitei como rían como nunha taberna antes de que eu abrise a porta, pero tan pronto entrei fulmináronme coas súas olladas.

-Así que ti es o famoso Roxelio -dixo Don Crespo, -estráñame bastante que non nos coñecésemos antes, tanto mal que fixeches no mundo e eu sempre a amaña-los males.

-Eu non fixen nada -contestei sen pensar, como os nenos pequenos cando os pillan coas mans mergulladas nunha xerra de mel.

-Isto non é o que di o meu curmán -dixo, sinalando cun xesto ao viaxeiro, -Roberto di que lle quitaches unha reliquia que lle regalara o conde de Portugal.

-O arcebispo de Braga -corrixiu Roberto.

-Ah si? Que eu saiba el é curmán da miña nai, que descanse en paz.

Curmáns? Non sabía que dicir. Padre Pelaio dixo que parecía <<átomito>>. Este home, que máis que nada aparentaba ser un vagabundo, era da nobreza. Don Crespo debeu de nota-lo cambio de expresión no meu rostro.

-Home, non é tan complicado. Como estaba explicándolle ao teu pai agora, Roberto é o terceiro fillo de Sancha de León, quen casou co duque de Turín no sesenta e sete. Sancha é a irmá de Pedro de Oca, quen casou no setenta e un con Luisa Mendoça, a filla de Francisco Mendoça Alves, quen casou con Urraca Fina, quen era tía de... meu pai? Espera. Non, creo que Urraca era tía da miña curmá Olivia. Ai, non sei. Teño todo isto escrito na casa⁷. En fin, eu e Roberto somos do mesmo sangue, e ti, rapaciño, roubáchelle o marfil santo de Santa Damasca, un asunto que hai que tomar moi en serio.

-Descúlpenme -pedín cabisbaixo, -foi un dos meus momentos de loucura.

-Que boiño parece -riu Don Crespo, -sábeche mentir.

Con todo respecto, creo que non comprende a gravidade do que fixo -aseverou Padre Pelaio.

-Eu tampouco -dixo o meu pai.

-Nin eu -engadiu Roberto. Pensei que quizais me ían matar. Don Crespo continuou:

-Todo está ben, amigos. Xa acordamos o castigo adecuado para que comprenda -(pregunteime se me queimarían ou se me

7 A árbore xenealóxica que pinta don Crespo non se reflicte na realidade de ningunha familia existente. O máis probábel é que despois de varias décadas Roxelio lembrase mal o que don Crespo dixera, aínda que tamén é posíbel que se trate dun intento por parte deste de falsifica-la súa ascendencia, unha práctica común entre as familias nobres para aparentaren ser máis venerábeis do que eran.

cortarían en rebandas para alimenta-los porcos), -acordamos que irá *causa penitentiae* a Santiago de Compostela para pedirlle perdón a Deus diante do seu altar, outrosí andará descalzo, como fai o meu bo curmán, en lembranza das dores do noso señor Xesucristo.

Ai, Santa María! Louvada sexa o teu nome! Grazas por brindarme esta oportunidade de salvación!

Isto berreino en voz alta, conmovido non só porque conservaría a miña vida, senón porque iría de viaxe pola primeira vez. Dixéronme que me fose de Xelmes sen demora, aínda que primeiro me obrigaron a regresar ao bosque para recupera-lo óso que desbotara e devolverllo ao seu dono.

Á mañá seguinte estaba pronto para emprende-la miña viaxe. O meu pai dérame unhas moedas que tiña gardadas.

-Para que lle queres dar diñeiro? -preguntou a miña nai -vaino gastar en trapalladas.

-O normal é deixarlle unhas moedas ao apóstolo. Tamén é para que non roube aos demais -gruñiu o meu pai.

-Vai roubar igual.

-Se non volve feito un santiño, fágoo santo eu a paus.

-Vale. Alá, fillo, un bico. <<Chao>>, como di o Roberto ese.

E con estas e outras manifestacións de amor, marchei da casa.

As vacacións non duraron moito tempo. Partín de Xelmes de bo ánimo pero pronto me saíron ampolas por cima das feridas que xa sufría, e pouco despois empezaron a sangrarme os pés. Así que camiñaba lento e doído, como Cristo no Calvario, ou polo menos isto pensábao eu. Cheguei esa primeira noite a unha pousada de peregrinos, onde o pousadeiro, que aparentaba ser home de ben, apiadouse de min, deume de comer e beber, e ofreceume un colchón para durmir. Todo isto aceptei de boa gana (aínda que non chegou a lavarme os pés, como é costume nos hospitais dos monxes).

Pero non debía de confiar. Dende logo tratábase dun pousadeiro pertencente a esa famosa casta de pousadeiros malfeitores que tanta notoriedade teñen. Esperteime durante as horas máis escuras da noite e vin como este home metía as súas mans na miña alforxa para arrebatarme os poucos víveres que eu levaba. Din un berro e procurei defenderme, pero o pousadeiro, sacando un feroz coitelo, dixo que se eu ía descalzo tiña que ser un castigo porque eu roubara cousas, polo cal me cortarían a man como

se lles facía aos ladróns nos países dos mahometanos⁸. E así fixo. Logo apoderouse da miña comida e as moedas que me deran.

Tal vez pensades que este debe se-lo intre en que a Santa Virxe tiña que intervir para salvarme. Pois case, pero aínda non. O que pasa é que me vendei a man tan ben como puideren –cuns trapos que o pousadeiro me obsequiou cun sorriso irónico- e pola mañá seguín o meu camiño.

-Até logo! Deséxoche boa sorte! Nin fai falta que me pagues a noite! -riu o pousadeiro cando eu saía.

Non é de estrañar que estivese nun estado de gran angustia, ademais perdera moito sangue. Camiñara moi pouco cando saltou un home barbudo por detrás dun penedo, cun coitelo na man.

-Ou me dás todo o que tes, ou mándote ao inferno -dixo el sen máis introdución.

-Os dous temos mala sorte, amigo -penso que ao dicir isto conseguín rir dalgún xeito –sucede que onte á noite me cortou a man outro ladrón cun coitelo tan feroz como o teu, e el xa me quitou tódalas posesións.

-Ao inferno vas, entón.

E con estas palabras deu un chimpio adiante para darme unha morte ben merecida (hai que admitilo). Pero unha voz tremenda soou:

-Satanás, fóra!

E o bandido temíbel parou antes de alcanzarme; o medo refulxía nos seus ollos.

[Nota á marxe: *a estas alturas a forza das lembranzas fixo chorar a D. Roxelio, quen durante un tempo non foi capaz de segui-la súa historia. Díxome que quería durmir un tempo. Logo eu parolei un par de horas coa súa filla, cuxas bágoas tamén caían sen cese, posto que a morte do fundador do noso pobo estaba lamentabelmente próxima. Cando D. Roxelio espertou, comezou a chorar de novo, e entre estas santas bagoadas relatoume o final da súa narración. A.G.M.]*

Louvada sexa Santa María, nai de Deus.

-Satanás, fóra! –dixo a voz tremenda.

E apareceu no medio do camiño a Santa Virxe María, e chorei bágoas de ledicia.

⁸ Esta é a segunda mención dos mouros que fai Roxelio. Como os eventos da historia transcorren moi pouco tempo despois do saqueo de Santiago de Compostela polas tropas de Al-Mansur (997), estas mencións frecuentes poderían indicar que a xente da época padecía un trauma por culpa daquel pillaxe, que se traducía nunha especie de “islamofobia”.

Louvada sexa Santa María, nai de Deus.

-Este home vive en pecado, polo cal é meu ladrón, que realmente era o mesmo demo disfrazado.

-Satanás, fóra! Que non cho deixo levar.

Sabendo que todo o seu poderío non igualaba o amor da nai de DEUS, o demo puxo mala cara e foi axiña á beira da estrada, onde se fundiu na terra repentinamente como un peixe na auga por vía dalgunha maxia execrábel.

Caínme de xeonllos e bramei:

-Grazas a ti, santa nai de Cristo. Louvado sexa o teu nome!

Non vou repetir tódalas oracións que lle dediquei á virxe neste intre, porque tanto tempo falaría que vos aburriríades, pero doadamente podedes imaxinalas moitas verbas felices que pronunciei.

A Virxe replicou cun sorriso que me iluminou como unha bendición. E da súa santa boca emitiu as seguintes palabras:

-O demo é mentireiro pero hoxe non mentiu. Viviches mal, Roxelio de Xelmes, pero non é demasiado tarde. Dígoche que para salva-la túa alma, andarás corenta días pola terra sen comer nin beber. Despois de corenta días chegarás a un sitio que se chama o Bosque Bravo. Neste sitio volverás nacer.

Dita esta profecía, a Virxe subiu cara ao ceo. Asemade eu a adoraba cantando himnos que me saían das entrañas sen que os pensase, polo que non son quen de reproducilos agora, pois eran de inspiración divina. Tamén chorei bágoas de ledicia.

Abandonei a miña ruta a Santiago de Compostela para camiñar durante corenta días e corenta noites, como fixera Cristo, se non me equivoco, e cheguei ao Bosque Bravo. Construí a miña casa e o Bosque Bravo converteuse na Casa Brava. Aquí sementaba os meus cereais, facía o meu pan e vivía tan ben como podía. A miña vida, o meu humor, os meus hábitos: pero cambiados e mellorados. Agora creo que son un home bo, ou polo menos non tan malo como antes.

[Nota á marxe: D. Roxelio foi un home culto. Lembrouse aquí da Biblia, en concreto da historia do dirixente rico no Evanxeliario de Lucas, e preguntoume se un home ten dereito a chamarse <<bo>> se soamente Deus é verdadeiramente bo. Eu pensaba que non, pero el dixo que o Padre Pelaio opinara que todo é relativo neste senso. Debatenos o asunto un tempo até que eu mencionase á Santa Virxe, cando D. Roxelio chorou de novo e acordouse dun par de detalles máis que me quería contar. A.G.M.]

Alén diso, despois de vivir un ano en Casabrava na máis perfecta felicidade, volvíñ a Xelmes para que a miña familia e os meus veciños viñesen coñece-la súa beleza. Díxenlles a todos que se mudasen a Casabrava porque este sitio era un agasallo do Supremo, pero estaban moi receosos. Só lembraban a miña malicia de tempos anteriores.

Non obstante, dende o ceo baixou un anxo para resolver estas dúbidas; díxolles que eu cambiara, que a Virxe me rescatara etc. Por iso, os xelmenses sabían que Roxelio volvera a nacer, e mudáronse a Casabrava para viviren. Deixamos atrás un Xelmes baleiro, e como eu construíra o meu novo lar no punto máis alto do terreo, comezaron todos a chamarme “Roxelio da Cima de Casabrava”. Eu estaba tan agradecido que chorei bágoas de ledicia.

A aldea florece aínda. Grazas a DEUS! Grazas á Virxe María!

Amén.